



EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 10 DE ABRIL DE 2019

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dez de abril deste ano, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, D.^a ROSANA RIELO ROZAS e D. MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión a Vicesecretaria, dona María García Ferro, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 20 de marzo de 2019.

ÁREA DE GOBERNO DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE E PERSOAL

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para mellora das condicións de accesibilidade e cambio de ascensor en edificio existente de vivendas, con licenza 217/83, sito na rúa Portugal, número 57; para instalación de ascensor no edificio de vivendas con licenza 619/52 e 570/57, sito na rúa Concepción Arenal, número 20; para legalización de adecuación estrutural en obras de conservación e mantemento do uso preexistente no piso segundo dereita, da rúa Montevideo, número 6; para cambio de uso de dous locais de planta primeira para dúas vivendas e obras de acondicionamento, no piso 1º do edificio con licenza 440/69 sito na rúa da Cruz, número 16; para construción de edificio composto de tres plantas de soto para garaxes e rochos, planta baixa para accesos, instalacións, rochos e local sen actividade definida, oito plantas altas e ático para 34 vivendas, na avda. Rvdo. Xosé Fernández Núñez, número 20; para a actuación sometida ao réxime de licenza urbanística para instalación de ascensor no edificio de vivendas, sito na avenida da Coruña, número 141; para instalación de ascensor no edificio de vivendas, sito na avda. da Coruña, número 176; para instalación de ascensor no edificio de vivendas con licenza 897/87, sito na rúa das Fontes, número 86; para a construción de nave industrial composta de planta baixa dividida en catro módulos, sen actividade definida, na rúa Juan Jacobo Durán Lóriga, número 5, parcela O.5.2, vía D, parque empresarial as gándaras; para a construción de nave industrial composta de planta baixa dividida en catro módulos, sen actividade definida, na rúa Juan Jacobo Durán Lóriga, número 3, parcela O.5.1, vía D, Parque Empresarial as Gándaras e para a construción dunha nave industrial sen actividade definida, dividida en cinco módulos, módulo a composto de planta baixa e planta alta e módulos B, C, E e E compostos de planta baixa, na rúa



Domingo Fontán Rodríguez, número 5, vía F, parcela B.6.1, do Parque Empresarial as Gándaras.

Acórdase aprobar a solicitude de excepcionalidade do cumprimento das condicións do Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade en Galicia, para a actuación de instalación de ascensor no edificio sito na calzada das Gándaras, número 113.

2. PERSOAL.- Acórdase aprobar o informe proposta do servizo de persoal de autorización para realizar servizos extraordinarios pola funcionaria de Topografía nos meses de maio e xuño de 2019 e a aprobación da forma de compensación.

Tamén se acorda aprobar o informe proposta do Servizo de Persoal de autorización para a realización de servizos extraordinarios pola funcionaria de Participación Cidadá no segundo trimestre de 2019 e a aprobación da forma de compensación.

Do mesmo xeito, acorda aprobar o informe proposta do servizo de persoal de autorización para a realización de servizos extraordinarios polo funcionario do Servizo de Enxeñería nos meses de maio e xuño de 2019 e a aprobación da forma de compensación.

Acórdase aprobar a proposta do servizo de persoal de autorización para a realización de servizos extraordinarios pola Directora da Escola Infantil Serra de Outes no segundo trimestre de 2019 e a aprobación da forma de compensación.

Acórdase aprobar a proposta do servizo de persoal de autorización para a realización de servizos extraordinarios polo persoal do Parque Móbil nos meses de abril e maio de 2019 e a aprobación da forma de compensación.

Acórdase a aprobar a proposta do servizo de persoal de autorización para a realización de servizos extraordinarios polo persoal de alumeado de Zona Rural nos meses de abril e maio de 2019 e a aprobación da forma de compensación.

Tamén se acorda aprobar a proposta do servizo de persoal de autorización para a realización de servizos extraordinarios polos traballadores do Taller de Augas nos meses de abril e maio de 2019 e a aprobación da forma de compensación.

Acórdase aprobar a proposta do servizo de persoal de autorización para a realización de servizos extraordinarios pola traballadora laboral do Servizo de Educación no segundo trimestre de 2019 e a aprobación da forma de compensación.



CSV: txUYc9/oVRE21qfWW7QOTg==

SINATURAS

MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO
SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL

PAXINA: 2 / 4

DATAS(UTC)

11/04/2019 12:11:53



ÁREA DE GOBERNO DE ECONOMÍA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO.

3. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase aprobar o procedemento de licitación convocado polo Concello de Lugo para a autorización do uso especial do dominio público para instalación de máquinas automáticas expendedoras de bebidas frías, quentes e produtos non perecedoiros nos edificios e instalacións municipais. Expte. ref. 2019-010.

Acórdase aprobar a prórroga do contrato edición festas San Froilán no contrato administrativo correspondente á contratación da subministración de iluminación ornamental en diversas rúas durante as festas de San Froilán (exp. ref. 2018-84).

4. FACENDA LOCAL.- Acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, pola licenza urbanística para construción dun invernadoiro en tras fontes, Barbaín, Santa María de Bóveda.

Tamén se acorda a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, pola licenza urbanística para construción de nave para cría e recría de xovencas, ampliación de explotación de vacún de leite sita en Birbigueira, San Xoán do Campo.

Do mesmo xeito, acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, pola licenza urbanística para construción de nave para estabulación de gando vacún de leite e zona de Muxido en Belesar, San Xoán do Campo.

ÁREA DE GOBERNO DE CONCELLO E CIDADANÍA

5. INFORMACIÓN E ATENCIÓN AO CIDADÁN-PARTICIPACIÓN CIDADÁ.- Dáse de conta do informe incluído na acta correspondente aos meses de decembro 2018 e xaneiro 2019, presentado na xuntanza da Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións celebrada o día 24 de xaneiro.

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA

6. ACTAS E GOBERNO.- Acórdase a aprobación das bases para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de traballo de Secretaria/o Xeral do pleno do Concello de Lugo.



Tamén se acorda a aprobación das bases para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de traballo de Vicesecretaria/o do Concello de Lugo.

Asinado polo Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, Miguel Fernández Méndez.



CSV: txUYc9/oVRE21qfWW7QOTg==

SINATURAS

MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO
SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL

PAXINA: 4 / 4

DATAS(UTC)

11/04/2019 12:11:53